



# Xurdimento



Boletín Informativo-Cultural Centro Galego de Lleida



# INSTITUCIÓNS COLABORADORAS



**Ajuntament de Lleida**



**Diputació de Lleida**



Diócesis  
de  
Lleida



## Xurdimento

**Edita:**

Centro Galego de Lleida  
C/ Joc de la Bola, 20 baixos  
25003 Lleida  
Tel./fax  
973 27 48 27

**E-mail:**

[cengallei@gmail.com](mailto:cengallei@gmail.com)

**Web do Centro Galego:**

[www.cgllleida.galiciaaberta.com](http://www.cgllleida.galiciaaberta.com)

**Blog do Centro Galego:**

<http://cengallei.wordpress.com>

**Redacción, Coordinación e Corrección:**

Rosa González Mahía  
Xulio Cougil Vázquez  
Xan Rodríguez Gómez-Dacal

Xurdimento non se identifica,  
necesariamente coas opinións recollidas nos  
artigos publicados polos seus autores.

**Autor portada:**

**Dionisio Paul Torralba**

**Depósito Legal:**

L-137-1988



## TABULEIRO DE CONTIDOS



<b>Páxinas WEB do Centro</b>		<b>Viaxe a Combarro</b>	
Centro Galego.....	02	Fina Tizón Fraga .....	31
<b>Saúda Presidenta do Centro</b>		<b>Boscós de Galicia</b>	
Dolores Blanco Roo.....	03	Francesc Pané i Sanz. ....	32
<b>Saluda Alcalde</b>		<b>Kabul</b>	
Fèlix Larrosa Piqué.....	04	Marisa Torres Badia.....	33
<b>Saluda Delegada del Govern Generalitat</b>		<b>Història d'Amor</b>	
Montse Bergés Saura.....	05	Assum Sola Pijuán .....	36
<b>Saluda President Diputació</b>		<b>La festa i Romeria dels Fanalets</b>	
Joan Talam Gilabert.....	06	M <sup>a</sup> Antonia Maller Lafont .....	38
<b>Saluda Subdelegat del Govern</b>		<b>Atoparlllo senso o universo</b>	
José Crespín Gómez.....	07	Daniel González Álvarez .....	40
<b>Saluda Obispo de Lleida</b>		<b>Cantic a la Llibertat</b>	
Salvador Jiménez Valls.....	08	M. Carme Mor Rodes .....	42
<b>Saúda Secretario Xeral Emigración</b>		<b>Costa Verde Express,</b>	
Antonio Rodríguez Miranda.....	09	Enric Rivera Gabandé.....	45
<b>Falamos con M. Antonia Maller Lafont</b>		<b>Mermelada de Moras</b>	
Centro Galego.....	10	Jordi Siracusa .....	46
<b>Escollido pola NASA</b>		<b>No es país (ni banco) para viejos</b>	1
Daniel González Álvarez .....	12	Luis Trigo Prunera.....	50
<b>O Santuario das Ermitas</b>		<b>A Estructura familiar</b>	
Carlos Xabier Ares Pérez.....	13	Juan Rodríguez Gómez-Dacal .....	53
<b>Razones para comer más setas</b>		<b>Homenaxe a Xosé Lamela Bautista</b>	
M <sup>a</sup> Gloria Farré Prunera .....	16	Julio Couxil Vázquez .....	55
<b>Si a la inmigración</b>		<b>El libre “Els fanalets de Sant Jaume”</b>	
José Luis Raposo Toja.....	18	Jordi Curco.....	60
<b>Una dura realidade</b>		<b>EL DÍA DEL SEÑOR”</b>	
M. Carmen Guillamet.....	20	Gerard Soler Quintillà.....	63
<b>La enfermedad del Vampiro</b>		<b>Memoria dos actos do Centro</b>	
Lucia Carnero Gonzalez.....	22	Centro Galego.....	64
<b>Benjamin de Arriba y Castro</b>		<b>Seguimos caminando juntos</b>	
Manoel Carrete Rivera.....	25	Cosme García i Mir.....	72
<b>Fiesta Aberta</b>		<b>Xornais</b>	
Xosé M Lobato Martínez.....	28	Xornais.....	74
<b>Pensamiento</b>		<b>Debuxos nenos</b>	
Cristal.....	30	Centro Galego.....	78
		<b>Xunta Directiva</b>	
		Centro Galego.....	79



## Panxoliñas no Escorxador / Villancicos en el Escorxador

16 diciembre 2021

Principio del formulario

Ás 19,30 horas do xoves día 16 de decembro de 2021 igual que en anos precedentes, o noso Centro colaborou na Maratón de TV3, participando na XX edición do festival de "Nadales" que se celebrou no Teatro Municipal de l' Escorxador de Lleida. O acto foi organizado pola Federación de Casas e Centros Rexionais de Lleida #ante numeroso público e autoridades locais. Actuaron as Entidades por esta orde: Centro Galego, Casa de Cantabria, Casa de Aragón, Casa de Castela e León, Casa de Estremadura e Casa de Andalucía. O noso Centro foi representado por a "Coral l' Estel", baixo a dirección de Gemma M. Naranjo Yuste, interpretaron as seguintes cancións: "Adeste Fideles", "Gloria a Deus", "Santa Nit/Noite de Deus" e un "Pupurri de Panxoliñas", sendo todas elas moi aplaudidas.

### Nuevo foro de la red social Cengallei

» Se ha producido un error; es probable que la fuente esté fuera de servicio. Vuelve a intentarlo más tarde.

### Temas

- » Actividades
- » Conferencias
- » Confradía
- » Coral Cengallei
- » Festexos
- » Revista Xurdimento
- » Vocalía da muller


### Destacados

- » Cengallei en Facebook
- » CenGaLlei en Galiciaaberta
- » Música da Coral CenGaLlei
- » Nova rede social CenGaLlei
- » Rede Social Cengallei
- » REVISTAS XURDIMENTO (PDFs)

2

Xurdimento

## Centro Galego de Lleida



Instrucciones para la actualización de contenidos de este site

[Bienvenidos](#)

[Historia](#)

[Finalidad](#)

[Directiva](#)

[Ubicación](#)

[Música de "Cengallei"](#)

Actividades: [Premios](#) [Revista Xurdimento](#) [Coral Cengallei](#)

Inicio > [Bienvenidos](#)

## Bienvenidos

Nos complace darle la bienvenida al sitio web del **Centro Gallego de Lleida**. Desde el año 1977 nuestra institución mantiene el firme y decidido compromiso de divulgar el origen e identidad gallegas, desarrollando actividades de divulgación de la idiosincrasia, cultura y costumbres gallegas entre nuestros socios, descendientes y público en general.

Nuestro portal nace en el marco del proyecto GaliciaAberta, comunidad virtual de la emigración de la que formamos parte.

En este espacio podrá encontrar información sobre nuestra historia, nuestras actividades, nuestra ubicación o cualquier otro tipo de información.

En 2008 inauguramos un nuevo blog donde los socios pueden participar y estar informados de las actividades del centro:

<http://cengallei.wordpress.com>

Si desea enviarnos cualquier consulta, duda o sugerencia podrá realizarlo a través de la dirección [cengallei@gmail.com](mailto:cengallei@gmail.com) / [cglleida@galiciaaberta.com](mailto:cglleida@galiciaaberta.com).

Por último, le invitamos a participar en GaliciaAberta, a través de las herramientas de comunidad disponibles, como foros, encuestas, agenda, etc.



Queridos socios/as, amigos e simpatizantes do Centro Galego de Lleida: É unha grande honra para min, estar a o fronte desta institución. Dende o comezo púxenlle todo o meu interese e dedicación para que se puidera continuar con tódalas actividades que mes a mes se veñen realizando.

Teño que resaltar o grande apoio que os membros da Xunta Directiva me veñen demostrando, e moi especialmente neste ano que pasamos. Tamén lles agradezo ás compoñentes da Vogalía da Muller que, coa súa presenza os martes e xoves no local social do Centro, contribúen a que a nosa Entidade siga adiante con tódalas súas actividades.

Foi unha grande honra para min e para todos os membros da Xunta Directiva, que a nosa Entidade, coa colaboración da Xunta de Galicia, conseguise que a "Real Banda de Gaitas da Deputación de Ourense", actuase por primeira vez na Cidade de Lleida.

Tamén teño que destacar un acto con moito énfase, refírome a celebración da Misa conmemorando a clausura da Semana Cultural do noso Centro. Os antigos membros do Coro "CENGALLEI", colaboraron desinteresadamente nos cantos, dándolle así, máis solemnidade á celebración. Neste sentido tamén teño que agradecerlle a tódolos participantes na Misa, para celebrar o "DIA DOS FIEIS DEFUNTOS", que a nosa Entidade celebra cada ano, así como tamén, despois de varios anos en silencio, pola súa actuación no festival de Panxoliñas que organizou a Federación de Casas e Centros Rexionais de Lleida, xunto coa Misa, que a Federación con tódalas casas Rexionais, celebra cada ano na Igrexa de San Juan. Parabéns a todos, porque despois de tantos anos sen cantar, foi unha grande alegría, volver disfrutar da súa interpretación e dos seus cantos .

Desexo facer mención e resaltar as actividades que levou a cabo, a nosa Entidade, pero moi especialmente entre outras, a Conferencia que organizou a Vogalía da Muller, dentro dos actos conmemorativos do Día Internacional da Muller, impartida por D. Juan Carlos Rodríguez Blancas, sobre o tema: "PORQUE SEGUIMOS DICINDO NOVAS TECNOLOXÍAS", así como a Conferencia que impartiu a escritora galega, Dna. Fina Tizón Fraga, baixo o título "AS NOVAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E A COMUNICACIÓN".

Mención especial e agradecementos a Begoña Rubianes Arturo, Nuria Suevos Guillamet e Juan Carlos Rodríguez Blancas, pola súa participación



representando a nosa Entidade, no festival de poesía que organizou a Federación.

E para finalizar, envíovos un saúdo moi cordial e afectuoso, desexando que o ano 2024, que arrincamos con moito ánimo, sexa venturoso e cheo de benestar para todos vós, agradecéndo-vos a confianza que depositades nesta Xunta Directiva, que queda ao voso dispor.

**Dolores Blanco Roo**

*Presidente do Centro Galego de Lleida*




A revista “Xurdimento” volve saír á rúa como canal de comunicación dos moitos cidadáns e cidadanas vinculadas a Galicia que viven en Lleida. O resumo das últimas actividades do Centro Galego, as creacións literarias en poesía e en prosa do colectivo de asociados e os artigos sobre aspectos sociais e culturais desta comunidade ocupan as páxinas da publicación que alterna as línguas catalana, galega e castelana. É unha excelente mostra da mestizaxe da nosa sociedade e do cariño da Entidade por Galicia e, a súa vez, por Lleida.

Sodes unha Entidade exemplar que traballa, dende fai décadas, por xunguir moitos lleidatáns e lleidatanas coas súas

terras de orixe e por manter unhas tradicións que permanecen durante moitos anos e que, en definitiva, defínennos como persoas. A Lleida actual é posible grazas á contribución esencial das persoas que chegaron a Catalunya, en parte de Galicia, a partir da década dos 60 do século pasado e, tamén, ás súas xeracións posteriores.

O Centro Galego é un referente das Casas Rexionais de Lleida e un motor para construír civismo, participación cidadana e bo facer social, indicadores de cualidades fundamentais, ao meu entender, para calquera cidade.

Felicito á Entidade polo labor que, cada ano, realiza pola sociedade lleidatana e ánimoa a manter esta liña de colaboración mútua coa cidade e co Concello durante moitos anos máis.



La revista “Xurdimento” torna a sortir al carrer com a canal de comunicació dels molts ciutadans i ciutadanes vinculats a Galícia que viuen a Lleida. El resum de les darreres activitats del Centro Galego, les creacions literàries en poesia i en prosa del col·lectiu d'associats i els articles sobre aspectes socials i culturals d'aquesta comunitat ocupen les pàgines de la publicació que alterna les llengües catalana, gallega i castellana. És una excel·lent mostra del mestissatge de la nostra societat i de l'estimació de l'entitat per Galícia i, a la vegada, per Lleida.

Sou una entitat exemplar que treballa, des de fa dècades, per unir molts lleidatans i lleidatanes

amb les seves terres d'origen i per mantenir unes tradicions que han perdurat durant anys i que, en definitiva, ens defineixen com a persones. La Lleida actual ha estat possible gràcies a la contribució essencial de les persones que van arribar a Catalunya, en part des de Galícia, a partir de la dècada dels 60 del segle passat i, també, a les seves generacions posteriors.

El Centro Galego és un referent de les Cases Regionals de Lleida i un motor per construír civisme, participació ciutadana i caliu social, indicadors de qualitat fonamentals, al meu entendre, per a qualsevol ciutat.

Felicito l'entitat per la tasca que, any rere any, realitza per la societat lleidatana i l'encoratjo a mantenir aquesta línia de col·laboració mútua amb la ciutat i amb l'Ajuntament durant molts més anys.

**Fèlix Larrosa i Piqué**  
*Alcalde de Lleida*



## SALUTACIÓ DE LA DELEGADA DEL GOVERN DE LA GENERALITAT



Unha vez máis teño a oportunidade e o gozo de saudaros, de dirixirme ao traveso deste espazo de Xurdimento a tódalas persoas que lle dades vida ao Centro Galego de Lleida. Sempre sodes un exemplo de boa articulación do que ten que ser cariño pola terra de orixe e, ao mesmo tempo, vivencia plena da acollida, e esta conxunción é un valor fundamental na sociedade actual, porque nin o país en conxunto, nin as cidades e os pobos, ni ningún dos seus habitantes individualmente poden, no século XXI, pensarse e pensar a comunidade da que forman parte sen facer referencia á mútua influencia e integración entre as persoas que un día foron primeirizas e as orixinarias na formación dunha comunidade con vocación de cohesión social. É eso que se nomea a interculturalidade, que en ningún caso ten nada que ver coa asimilación.

Máis da metade dos cataláns teñen as súas raíces noutras partes do Estado e todos xuntos fixemos medrar a Catalunya plural e diversa de hoxendía. Lleida, como Catalunya, sempre mostrou vontade e capacidade de integrar a todos aqueles que o desexen. Sen dúbida, é un dos seus rasgos definidores. Os galegos e as galegas sodes a testemuña, e non de forma pasiva senón participativa, de forma individual ou colectiva, fan vida política, económica, cultural e cívica da comunidade. Porque a interculturalidade non se queda nada máis na necesaria e enriquecedora defensa dos costumes a cultura e as tradicións; neste caso cos galegos e catalans, senón que presupón tamén tomar parte activamente en tódolos ámbitos que determinan o devir colectivo, como vosoutros facedes.

Dende estas liñas, transmítovos o agradecemento pola vosa faena integradora e participativa, co desexo, que a bon seguro tamén é o voso, que sexamos capaces de seguir avanzando cara unha cidade aínda máis acollidora, diversa e xusta, e, por suposto, que siga tan viva como ata hoxe o espírito de amizade entre Galiza e Catalunya, entre galegos e lleidatáns.



Un cop més tinc l'oportunitat i el goig de saludar-vos, d'adreçar-me a través d'aquest espai de Xurdimento a totes les persones que doneu vida al Centro Galego de Lleida. Sempre heu estat un exemple de bona articulació del que ha de ser devoció per la terra d'origen i, alhora, vivència plena de la d'acolliment. I aquesta conxunción és un valor fonamental en la societat actual, perquè ni el país en conjunt, ni les ciutats i els pobles, ni cap dels seus habitants individualment poden, al segle XXI, pensarse i pensar la comunitat de la qual formen part sense fer

referència a la mútua influencia i integració entre les persones que un dia van ser nouvingudes i les originàries en la formació d'una única comunitat amb vocació de cohesió social. És això que s'anomena la interculturalitat, que en cap cas té res a veure amb assimilació.

Més de la meitat dels catalans tenen les seves arrels en altres parts de l'Estat i tots plegats hem fet créixer la Catalunya plural i diversa d'avui. Lleida, com Catalunya, sempre ha mostrat voluntat i capacitat d'integrar a tothom que ho desitja. Sens dubte, és un dels seus trets definidors. Els gallecs i gallegues en sou testimonis, i no pas de manera passiva, sinó participant, de forma individual o col·lectiva, en la vida política, econòmica, cultural i cívica de la comunitat. Perquè la interculturalitat no es queda només en la necessària i enriquidora defensa dels costums, la cultura i les tradicions en aquest cas gallecs i catalans, sinó que pressuposa també prendre part activament en tots els àmbits que determinen l'esdevenir col·lectiu, com vosaltres feu.

Des d'aquestes línies, us transmeto l'agraïment per la vostra tasca integradora i participativa, amb el desig, que de ben segur també és el vostre, que siguem capaços de seguir avançant envers una ciutat encara més acollidora, diversa i justa, i, per suposat, que segueixi tant viu com fins ara l'esperit d'amistat entre Galícia i Catalunya, entre gallecs i lleidatans.

**Montse Bergés Saura**

*Delegada del Govern a Lleida*



Xurdimento, a revista informativa de periodicidade anual do Centro Galego de Lleida, certifica a vitalidade da Entidade e recolle os actos e as actividades máis relevantes. Por eso, sempre é de agradecer cada novo número da revista, a que, na súa trinta e sete edición, incorpórase con voz propia ao ámbito das publicacións socioculturais e divulgativas da cidade e das terras de Lleida.

Por outra banda, a Semana Cultural da Entidade, coas Conferencias, cursos, talleres..., é un punto central na vida asociativa do Centro, un lugar de encontro e relación para estreitar, aínda máis, os vínculos sociais e os achegamentos duns e doutros.

Por todo esto, e pola implicación do Centro - coa Confraría e coa Coral - en moitos dos acontecementos da cidade, quixese transmitir o meu agradecemento persoal e Institucional ao Centro Galego de Lleida e a todos os seus integrantes, persoas entusiastas e comprometidas cuns valores, unhas tradicións, unha cultura e a súa estima ao propio país.



Xurdimento, la revista informativa de periodicitat anual del Centro Galego, certifica la vitalitat de l'entitat i n'aplega els actes i les activitats més rellevants. Per això, sempre és d'agrair cada nou número de la revista, la qual, en la seva trenta-setena edició, s'incorpora amb veu pròpia a l'àmbit de les publicacions socioculturals i divulgatives de la ciutat i de les terres de Lleida.

Altrament, la Setmana cultural, amb les conferències, cursos, tallers..., és un punt central en la vida associativa del Centro, un lloc de trobada i relació per estrènyer, encara més, els vincles socials i els lligams culturals d'uns i d'altres.

Per tot això, i per la implicació del Centro -amb la confraria i la coral- amb molts dels esdeveniments de la ciutat, quixese transmitir o meu agradecemento persoal e Institucional ao Centro Galego de Lleida e a todos os seus integrantes, persoas entusiastas e comprometidas cuns valores, unhas tradicións, unha cultura e a súa estima ao propio país.



Tedes nas mans un novo Xurdimento, a revista que o Centro Galego de Lleida elabora e edita dende 1979 como compendio do abano de actividades que leva adiante a vosa entidade ao longo do ano.

Dende aquel primeiro número ata este, Xurdimento medrou moito e fixoo mantendo o espírito co que naceu: trasladar de forma gráfica ás súas páxinas o relato dos diferentes actos que organiza o Centro Galego para vivir e compartir con tódolos lleidatáns a cultura e as tradicións da terra de orixe.

Detrás de cada número está o esforzo, dedicación e perseverancia da Xunta Directiva e dun bo feixe de colaboradores que fan posible que hoxe a poidades ler e follear. Xurdimento permítenos ser testemuñas das aportacións que fai a comunidade galega para contribuir a facer da nosa cidade unha cidade rica, viva e tolerante.

Dende o Centro Galego impulsades sempre a participación de galegos e lleidatáns, apostando pola unidade dos territorios e o enriquecemento mutuo, que significa coñecer e compartir a cultura e a identidade que nos acompaña sempre.

Anímovos a seguir con este espírito activo e perseverante de divulgación que converteu á entidade nun centro rexional dinámico e ben presente na axenda cultural de Lleida.



Teniu a les mans un nou Xurdimento, la revista que el Centro Galego de Lleida elabora i edita des de 1.979 com a recull de l'ampli ventall d'activitats que porta a terme la vostra entitat al llarg de l'any.

Des d'aquell primer número fins aquest nou número, Xurdimento ha crescut molt i ho ha fet mantenint l'esperit amb el que va néixer: trasladar de forma gráfica a les seves pàgines el recull dels diferents actes que organitza el Centro Galego per viure i

compartir amb tots els lleidatans la cultura i les tradicions de la terra d'origen.

Darrere de cada número hi ha l'esforç, dedicació i perseverança de la Junta Directiva i d'un grapat de col·laboradors que fan possible que avui la puguem llegir i follear. Xurdimento ens permet ser testimonis de les aportacions que fa la comunitat gallega per contribuir a fer de la nostra ciutat una ciutat rica, viva i tolerant.

Des del Centro Galego heu impulsat sempre la participació de gallecs i lleidatans, apostant per la unitat dels territoris i l'enriquiment mutu que significa conèixer i compartir la cultura i la identitat que ens acompanyen arreu.

Us animo a seguir apostant per aquest esperit actiu i perseverant de divulgació que ha convertit l'entitat en un centre regional dinàmic i ben present en l'agenda cultural de Lleida.

**José Crespín**

*Subdelegat del Govern a Lleida*




Estas páginas del boletín XURDIMENTO que cada año elabora el Centro Galego de Lleida son una expresión de profunda cordialidad hacia todos los que formáis parte de esta institución. Quienes escriben ponen lo mejor de sí mismos para comunicarlo con afecto a todos, y a los lectores les ilusiona recordar con cariño su tierra, sus costumbres y sus gentes. En cualquier publicación hay una línea imaginaria que vincula los corazones del escritor y del lector. No cabe la menor duda que esta revista, además de esa vinculación, posee el encanto de tener el marco referencial en Galicia. Los que vivís mucho tiempo fuera de vuestra tierra de nacimiento experimentáis con nostalgia que los sentimientos de los colaboradores se acercan mucho a todo lo que vosotros pensáis y amáis; además las propuestas de actuación, que aquí aparecen, las hacéis vuestras con facilidad y alegría.

En mi responsabilidad pastoral, como obispo de esta diócesis de Lleida, observo siempre la presencia de gallegos en actividades promovidas por parroquias y movimientos apostólicos. Es éste un buen lugar para agradecer vuestra participación en todos los órdenes porque con seguridad el motivo que os guía en esta clase de comportamiento es cumplir con el mandato de Jesús que revela el amor del Padre Dios y que marca nuestro actuar en el amor a todos, en el perdón siempre y en el servicio hacia quienes más lo necesitan.

El mandato del Maestro lo explicó a los discípulos de modo perfecto para que lo pusieran en práctica durante el resto de sus vidas. También le llegó la explicación al discípulo Santiago, vuestro insigne Patrón y muy querido y venerado por todos los gallegos. Él participaba en el reducido grupo de los Doce y, como apóstol, se esforzó en predicar todo aquello que había oído y entendido de su Señor; lo hizo con paciencia, con constancia y con enorme entusiasmo.

Las gentes de Galicia invocan permanentemente la protección y la ayuda del Apóstol a lo largo del camino de su vida como una imagen plástica del Camino de Santiago que tantas personas recorren centrados en la oración, el silencio y el diálogo con el Señor. Y los gallegos tienen una característica muy apostólica como es la acogida de los peregrinos que buscan con total libertad al Santo para que les conduzca a la gloria definitiva; no olvidan nunca la intercesión de María, a la que pedimos en la oración de su fiesta del Pilar, fortaleza en la fe, seguridad en la esperanza y constancia en el amor.



Me uno a vuestros sentimientos festivos y os felicito por todo aquello que nos transmitís y que habéis aprendido, como buenos discípulos, del Apóstol que os guía y os concede el coraje de mantener siempre una vida fiel al evangelio. No os olvidéis en este año de rezar por la paz. Nos desconciertan y nos sobrecogen tantas guerras; pedid por los actuales habitantes de la Tierra Santa. No os olvidéis tampoco de acoger a los hermanos que emigran de sus tierras buscando una vida más digna para ellos y para sus familias.

**Salvador Giménez**

*Obispo de Lleida.*



Estimados amigos de Lleida, o 2023 remata tras meses de intenso traballo, marcado pola labor en pro da galegitude e da difusión da nosa cultura, un traballo do que sabemos que sodes un importante expoñente. Por iso, en primeiro lugar, quero darvos as grazas.

A nosa lingua é a terceira máis falada en Cataluña... algo de responsabilidade debedes ter vós, estou convencido, o que ven a demostrar que o Centro Gallego de Lleida leva moito tempo coidando dos nosos, apoiándoos, escoitandoos e axudándoos, non só a sumerxirse na sociedade catalá senón tamén a perpetuar, entre as novas xeracións, o amor pola terra e polas orixes dos seus devanceiros. Un cariño por Galicia que se transmite así de pais a fillos como ocorre en non poucas culturas.

En segundo lugar, non podó deixar de felicitar á revista anual Xurdimento por este número 36. Dende a Xunta de Galicia somos coñecedores do voso bo facer e do esforzo que realizades para que esta publicación poida recoller o sentir dos galegos de Lleida e todas as actividades que se levan a cabo no voso centro.

Alá onde reside un galego está Galicia. Ese sentimento é universal, pero en certos lugares nótase con máis forza, con máis cariño. E sen dúbida, en lugares como Lleida, ocorre. E non pasa porque si, senón porque hai toda unha colectividade detrás que está ahí a axudar, a apoiar e a traballar por unha galegitude que levan no corazón e que perpetúan na familia. É un orgullo formar parte desta increíble familia, desta colectividade que tanto aporta. Por moitos anos máis, xuntos, e por un futuro cheo de acertos e éxitos.





## FALAMOS CON: M. ANTONIA MALLER LAFONT



*Nacín en Lleida, estudei dous cursos de Maxisterio (Lleida) e Pintura Mural na Escola d'Art i Superior de Disseny d'Ondarra (Tàrrega), traballei de profesora de plástica en dous colexios públicos en Lleida, estiven 20 anos en grupos de lectura na miña cidade, catro anos participando nas Aules d'Extensió Universitaria, dende o 29 de abril de 2022 son Concelleira do Concello de Lleida e secretaria das Casas e Centros Rexionais do Partido Popular de Lleida.*

***¿Como valora a súa relación e coñecemento da cultura galega, grazas ao Centro Galego de Lleida?***

A miña experiencia persoal no Centro Galego de Lleida, foi unha oportunidade para mergullarme na rica cultura galega fora de Galicia a través dos vosos eventos. Son unha xanela ás tradicións, á arte, á música, a historia, a literatura e a gastronomía galega. Recordo cando veu a Real Banda de Gaitas da Deputación de Ourense á Festa Maior de Lleida, (en maio do 2023), co pasacalle dende a praza Paeria á Igrexa da Sang e posterior actuación na praza Ricard Viñes. Fascinounos a todos, foi sorprendente para os asistentes, é un claro exemplo da riqueza da cultura galega plasmada na súa música tradicional e, os traxes que lucían; un espectáculo de vestimenta popular fermosísimo. Gozamos diso grazas ao Centro Galego de Lleida; foi unha contribución moi importante para facer visible a cultura galega na nosa cidade.



***¿Como foi a súa traxectoria e achega?***

A miña relación empezou desde que son Concelleira do Concello de Lleida, gozando das vosas conferencias, a presentación de libros relacionados con Galicia, o almorzo de Breogán, a Festa da Matanza, as exposicións como a de "Patchwork" da Vogalía da Muller, a misa en memoria dos defuntos na Parròquia de Sant Jaume Apòstol coa colaboración da antiga Coral Cengallei do Centro Galego, o concerto de panxoliñas, as Xornadas Culturais, a presentación do boletín informativo-cultural Xurdimento, a demostración culinaria gastronómica coa oportunidade de degustar a comida galega, o recital poético, o xantar celebración do voso Patrón coa degustación da queimada... Dentro da miña colaboración tedes o meu apoio incondicional, amparo, acompañamento e defensa.

***¿Que actividades do Centro, destaca e en que grao axudan no asociacionismo da cidade?. Ademais ¿que lle augura neste camiño como Asociación ou Institución en Lleida?***

O Centro Galego desempeña un papel crucial no fomento do asociacionismo e a cohesión da comunidade galega en Lleida. As vosas actividades promoven a participación cidadá. Ofrecedes o coñecemento de Galicia en Lleida. O Centro prosperará na nosa localidade porque axústase ás necesidades e intereses desta;

10

Xurdimento





promove a cultura galega mantendo a súa identidade e conexións con Galicia ao mesmo tempo que se integra en Lleida; ten o respaldo das autoridades locais e forma parte do noso tecido cultural asociativo. Creo na súa capacidade para adaptarse, integrarse e manter a súa relevancia na vida da nosa cidade e na unión coa súa contorna.

***¿Que achega considera que aínda lle falta por facer ao Centro Galego para participar máis no armazón social da cidade?***

Sería interesante que fose activa en redes sociais, ferramentas para a divulgación e a comunicación, permitindo chegar a audiencias máis extensas, e manter relacións adoitadas con outras organizacións culturais e a máxima participación en actividades locais. Tamén que se involucrasen ás xeracións máis novas, con eventos deportivos, proxectos creativos e establecendo actividades que lles resulten atractivas, fomentar a participación activa dos mozos no Centro Galego garante á continuidade e a preservación e promoción da cultura galega, á vez que garante a futura participación no armazón social de Lleida.

***Algunha anécdota ou suceso interesante, que considere que afirma a adaptación dos galegos en Lleida.***

Un claro exemplo é cando o Centro Galego contribúe cun premio ao seu nome no concurso de “Fanalets” no Peu do Romeu colaborando coa Agrupació Ilerdenca de Pessebristes de Lleida e na ofrenda floral a Sant Jaume, participando desta maneira na Festa e Romaría dels Fanalets de Sant Jaume de Lleida, festa tradicional relixiosa da nosa cidade.

***Achega persoal nesta entrevista.***

Darvos as grazas pola vosa hospitalidade, polo bo anfitrións que sodes sempre me sinto moi a gusto no voso Centro, sodes moi boa xente e traballades moito para que todo teña un resultado óptimo. O meu recoñecemento por todo o que facedes desinteresadamente ou máis ben dito a cambio da satisfacción do traballo ben feito. Podedes estar orgullosos, desempeñades un papel importante en Lleida. Moitos parabens, familia galega, moi agradecida por todo. ¡Quéresevos!



12

Xurdiamento

David García, un ourensán de 23 anos, estudante de segundo curso do Máster en Enxeñaría Aeronáutica da Universidade Politécnica de Madrid, foi seleccionado pola NASA para ampliar a súa formación.

O mozo galego ampliará a súa formación na axencia do goberno estadounidense responsable do programa espacial civil e da investigación aeronáutica e aeroespacial a través dunha bolsa que ofrece a Universidade de Illinois.

Conseguiu ser o mellor da súa promoción na especialidade de vehículos aeroespaciais, cunha media de 8,95, e, no seu primeiro curso de máster, conseguiu situarse entre o cinco por cento dos estudantes con mellores notas.

A excelencia de David García é o reflexo dos seus seis anos de educación primaria e dous de ESO no Colexio Concepción Arenal e os seus dous anos de ESO e dous de Bacharelato no IES As Lagoas de Ourense, que deixou cunha mochila de sobresaíntes, cunha media de 10, un

título de honra e un premio á excelencia preuniversitaria.

Coa noticia aínda sen dixerir, asegurou que segue nervioso e segue sen crer. *"Imaxina que me chaman e me din: equivocámonos; non es ti".* Decateime da noticia cando espertei de madrugada para ir ao baño, collín o teléfono e vin a mensaxe, dixeron: *"Isto non pode ser. Quedéi esperto o resto da noite"*, dixo.

*"Aínda estou nervioso, ata que non me vexa alí e saiba cal é o traballo, non estarei completamente tranquilo. Un dos entrevistadores avisoume que Estados Unidos é diferente de Europa, que a xente é moi competitiva e que eu tería que traballar duro e aprender moitas cousas novas".*



Daniel González Álvarez



## O SANTUARIO DAS ERMITAS: A VIRXE DA COVA, O BARCO DO ALMIRANTE E A ESTOUPA DO XUDAS

Ao meu querido Manolo Isla, veciño das Ermitas, galego de corazón e catalán de adopción. In memoriam

Sobre as augas do río Bibei, no concello ourensán de O Bolo, emerxe excavado nas rochas o Santuario de As Ermitas. Conta a lenda que o gando enfermo sandaba ao seu paso por unha cova situada a carón do lugar que hoxe ocupa este edificio sacro. Foi así como no século XIII uns pastores entraron nela e atoparon unha talla da Virxe co neno nos brazos, que podería estar



*Placa e cruceiro sobre a Cova*

datada no século VII e que marcou o inicio dun camiño que remataría coa construción do templo. Fixeron unha pequena ermita no lugar da aparición na que custodiaban a imaxe, que todos de xeito coloquial comezaron a chamar Virxe das Ermitas en alusión aos eremitas que tradicionalmente elixían esta zona da montaña ourensá para o seu retiro. Esta ermita foi restaurada no século XVII, desaparecendo definitivamente a mediados do XIX durante a construción do santuario que comezaron a levantar no século XVII, despois de que se lle atribuíra á Virxe a miragre de ter curado no ano 1624 ao bispo de Astorga, Alonso Mesía de Tovar. Contan que estando de visita pastoral e enfermo de morte, tivo unha visión na que se lle

apareceu a Virxe e quedou sandado. Foi aí cando mandou construír o santuario. En 1655 Frai Nicolás de Madrid colle as rendas da construción xunto ao arquitecto Francisco de la Lastra, despois de ser nomeado Bispo de Astorga. Hoxe, un cruceiro e unha placa lembran o lugar no que aparecera aquela talla, evocada na actual imaxe da Virxe que polo que se adiviña baixo o seu manto, podería ser dos séculos XIII ou XIV en atención á tipoloxía da súa madeira policromada. Ten 58 centímetros de altura e para convertela en imaxe de vestir quitáronlle as mans e o neno que tiña orixinalmente. Engadíronlle coroa e sobrecoroa de prata, na que destacan os raios e as centellas, cunha aureola de raios solares e anxos, dous a cada lado; todo isto fixo que o tamaño da composición aumentara ata os 102 centímetros de altura. En 1711 o cura de Mormentelos (Vilariño de Conso) Domingo Xosé Rodríguez Blanco, exercendo o seu cargo de administrador, dálle ao edificio o aspecto que hoxe podemos observar nesta xoia do barroco galego, rematando a fachada principal en 1730 na que coloca escudos de armas e a imaxe da Virxe. No interior adorna a nave maior con pinturas do compostelán Francisco Couselo de Villar, que as



*O Santuario*



realiza entre 1728 e 1730 inspirándose no libro Flores de Miraflores de Frai Nicolás de la Iglesia; reformando tamén o Camarín da Virxe para que poidera ser transitado polos fieis, no que actualmente un cadro rememora o Tránsito de María, sendo esta unha peza da que únicamente existen dous exemplares, estando o seu xemelgo na sede do Vaticano. O atrio foi ampliado en 1723, lugar no que hoxe se levanta un maxestuoso cruceiro de base cadrada, con cinco escalóns sobre os que nacen o pedestal e o fuste que rematan nun capitel enriba do que se asenta a cruz, na que por un lado podemos ver a Xesús crucificado e do outro á Virxe co seu fillo nos brazos tralo desencravo. As fontes da Dormiñona e Rebuxín tamén foron construídas dentro destas reformas, que ubica nos dous camiños polos que os peregrinos poden chegar a este santuario que se converteu nun lugar de culto e devoción, considerado xunto ao da Virxe da Barca en Muxía o primeiro Templo Mariano de Galicia. Un enreixado divide o carreiro central en dúas partes, antigamente coa intención de que pechado salvagardara os obxectos de valor e para que aberto durante os oficios eclesiásticos servira para separar aos homes das mulleres. Enriba del, pendurado do teito, fica o exvoto máis popular deste santuario, un barco do almirante sanabrés Pedro Centeno que caeu ao mar nunha tempestade, intre no que invocou á Virxe das Ermitas para que o salvara xa que non sabía nadar. A Virxe atendeu as súas súplicas e en agradecemento, este mariño, regaloulle esta embarcación, que foi colgada do teito o 28 de setembro de 1702, xusto 5 días despois da miragre.



*A Virxe das Ermitas*

Cumpliu esta institución unha labor social cando en 1846 creou unha escola de Primeiras Letras, na que foron escolarizados os cativos da zona, con carácter gratuito para os de menos recursos. En 1863 foi instaurada unha preceptoría filial do

Seminario de Astorga, na que o alumnado cursaba os estudos da carreira sacerdotal. A veciñanza local aloxaba aos estudantes ata que no ano 1941 abriron un internado no propio edificio do santuario, pagando as cotas en fariña, patacas e outros produtos caseiros. Este seminario menor pechou as súas portas ao remate do curso académico 1963/64.

A Semana Santa e o Rosario congregan á multitude de fieis que chegan dende moitos lugares en busca de protección, acadando especial relevancia o Domingo de Ramos ao que todos acoden portando loureiro e oliveira como lembranza da pasaxe na que o cristianismo relata a entrada de Xesús en Xerusalén días antes de ser crucificado e na que ten moito que ver a lúa, xa que ela é a que coa súa primeira aparición na primavera, na súa fase chea, marca a data na que se celebrará esta festa do sexto Domingo da Coresma na que o pagán e o relixioso converxen neste ritual que significa ser unha porta de entrada ao abeiro dos deuses, materializado mediante as bendicións que caen sobre a comunidade en forma de auga que espallada sobre eles é símbolo de vida. En virtude da protección que queda presa nos ramos, son os mesmos utilizados para colocar nas entradas das casas para que estean protexidas ante a posible entrada de enfermidades ou meigallos, e tamén nas cerradas das leiras e acubillos do gando como elementos favorecedores da fecundidade e da fertilidade dos mesmos. É este un ritual de aflicción entendido como un acto de petición para que un ente sobrenatural ofrezca prevención e no seu caso remedios curativos, así como de axuda a pasar os loitos quedando tamén os ramos enriba das tumbas dos familiares finados, coa intención de que canto antes cheguen á beira do seu deus. Na Semana Santa tamén ten lugar outro dos grandes eventos deste lugar, no que durante a xornada do Venres Santo os fieis participan no Vía Crucis, parando nas 15 estacións construídas a partir de 1731 e inspiradas nas que había no Bom Xesús do Monte da localidade portuguesa de Braga. Domingo Xosé Rodríguez Blanco foi tamén o seu impulsor, inda que non o viu rematado xa que morreu en 1747 cando as obras inda estaban en curso. Comeza o percorrido no atrio onde están as catro primeiras estacións, para ascender polo coñecido como Camiño do Deserto ata a parte alta onde agarda a Resurrección, despois de visitar as sesenta e dúas figuras feitas a tamaño natural en madeira maciza policromada. Anos máis tarde chegaría á administración Antonio Tato Fidalgo, quen restaurou as imaxes deste Vía Crucis e viuse na obriga de facer fronte



*O Tránsito de María*

á catástrofe de 1909, cando o 22 de decembro a montaña se desprendeu sobre o santuario. Moitas das casas da aldea quedaron destruídas, a crecida do río levou por diante a ponte que o salvaba e a talla barroca da quinta estación do Calvario nunca poido ser recuperada, colocando de novo en 2023 a Xesús, ao seu cirineo e a un soldado romano, tentando emular as orixinais.

Ata ben avanzado o século XX, outras dúas tradicións congregaban aos veciños de As Ermitas, tratábase da Estoupa do Xudas e da aparición nas procesións de dous xigantes, home e muller, aos que chamaban a Pantasma e a Pantasmona, que acompañaban ao citado Xudas. A estoupa pechaba os actos deste ciclo e consistía nun ritual pirotécnico desenrolado no atrio, que tivo a súa derradeira función en 1997. Unha especie de espantallo que representaba a figura de Iscariote era colocado nun mastro longo, levando baixo as teas que formaban o traxe un enxame de pólvora, silbatos, tracas e petardos, e na man unha bolsa na que gardaba as moedas gañadas tras vender a Cristo, inda que realmente escondía catro cartuchos dos que un subía en serie ata a cabeza cun tiro forte que a desarmaba por completo. A cara estaba feita nalgúns casos debuxando sobre unha caixa de zapatos, co cabelo e as cellas de estopa e a lingua que caía dende a boca recortada dun trapo vermello. Era trasladado ata As Ermitas na tarde do Sábado de Gloria, quedando nas dependencias do santuario ata o seguinte día (Domingo de Resurrección). Cando ao mediodía se encontraban na procesión preto do cruceiro María e Xesús resucitado, prendíanlle lume e comezaba a xirar sobre o seu eixo caendo os restos ao chan, os cales eran recollidos pola multitude que se congregaba baixo a crenza de que adquiriran poderes que espantaban os males físicos e metafísicos. Ao remate daba comezo a Misa Maior da Pascua. A negativa dos relixiosos que dende entón dirixen o

santuario, fixo que esta tradición deixara de celebrarse. Foi un espectáculo desenrolado baixo a pétrea mirada da sede e da fame, dúas caras chantadas na fachada do edificio anexo, simbolizando a primeira un rostro que bota a lingua apurado pola asfixia, mentres que a segunda lémbrale á xente congregada a necesidade de socorrer aos famentos.



*O bibei baixo santuario*

É todo o aquí relatado unha parte da historia e das tradicións que, dende tempos pretéritos, lle deron vida a este santuario que cada día recibe na fachada principal a luz dun sol nacente que alumea este espiritual recuncho da montaña ourensá. É tamén a miña agarimosa lembranza a Manolo, un home bo e xeneroso que amou esta terra ata o derradeiro latexo do seu gran corazón.



**Carlos Xabier Ares Pérez**

*Etnografía e Investigación Social*



# RAZONES PARA COMER MÁS SETAS



Son bajas en calorías y ricas en nutrientes. Las setas, son un tesoro que encontramos en nuestros bosques, pero también son el resultado de una producción controlada y sostenible que nos ayuda a disponer de ellas en cualquier momento.



Aunque la clasificación botánica no incluye a los champiñones en la categoría de verduras, reconocen los nutricionistas su valor nutritivo.

Las setas al estar compuestas por una gran cantidad de agua y fibra, son muy bajas en calorías. Están indicadas para una dieta para perder peso. Son muy saciantes y provocan una sensación al comerlas, de estar lleno.

En otoño es cuando algunos hongos están en lo mejor de la temporada. Cuando planteamos los menús semanales y calculamos las raciones de fruta y verduras que hemos incluido, se nos suele escapar un comodín muy importante: Las setas.



El rey de las setas es el champiñón. En el supermercado lo encuentras entre la fruta y la verdura; con ellos formas una dieta diaria equilibrada.

España es el tercer productor de Europa. Unos champiñones frescos pueden ser el comodín para una cena improvisada, o para la guarnición de una comida.

La variedad de setas más consumidas, rondan los 2,5 gr. de fibra por cada 100 gr. de producto. Son efectivos, cuando se necesita limpiar el tránsito intestinal o pasamos por un periodo de estreñimiento.

Son una excelente fuente de vitaminas son ricas en hierro, fósforo, yodo, magnesio, selenio, calcio, potasio, zinc, vitaminas A y vitaminas B; (B1; B2; B3), C y D.

Según los investigadores los hongos contienen ergotioneina, un antioxidante que puede proteger contra el deterioro celular y tisular del cuerpo. Se ha demostrado que estos ayudan a prevenir varias enfermedades mentales, como la esquizofrenia, el trastorno bipolar y la depresión.

16

Χυδίομεντο



Y es que, aunque no son verdes, si cuentan como vegetal y, además, aportan nutrientes muy valiosos para nuestra dieta.





Las setas u “hongos comestibles” incluyen muchos tipos de hongos o setas, que son recolectados, cultivados y otros que no son cultivados fácilmente (como la trufa y el matsutake) que son muy apreciados en la gastronomía.

Se alimentan de todo tipo de materia orgánica muerta, aprovechando la energía almacenada en ella y, al mismo tiempo, transformánola en sales minerales que sirven de nuevo, como alimento para los organismos productores de plantas.

**Las setas de cardo:** Se caracterizan por tener un sombrero amarronado, un pie con tono blanco (sin anillo ni volva) y unas láminas apretadas y pronunciadas de color parecido.



**El níscalo, robellón,** de nombre científico “*lactarius deliciosus*”, es una seta de la familia Russulaceae. Es muy común en España y Argentina; crece en pinares y bosques mixtos. Su seta aflora en otoño y es muy apreciada en gastronomía.

**La gírgola,** seta de ostra o pleuroto ostra, es una especie de hongo basidiomiceto del orden Araricales, comestible. Son muy ricas en minerales fuente de glucanos, sustancia que estimula el sistema inmunológico del cuerpo.



La seta más venenosa es la “**Amanita phalloides**” (oronja verde / cicuta verde). En España, se la conoce con varias denominaciones populares: oronja verde, cicuta verde, oronja mortal, seta de la muerte.... Es sin duda la seta mortal por excelencia y la reina de las setas venenosas.



En España existen alrededor de 1.500 especies de setas catalogadas. Es uno de los destinos más ricos del planeta en cuanto a la variedad mitológica.

Las setas favorecen el equilibrio de la microbiótica y fortalecen el sistema inmune.

Entre sus propiedades también destacan que son ricas en antioxidantes, que ayudan a combatir el envejecimiento prematuro de los órganos, incluida la piel. Esto se traduce a una piel más radiante y juvenil.





# SI A LA INMIGRACION



Como ciudadano español, nacido en Santiago de Compostela, por tanto Gallego, que habiendo residido en diferentes capitales y Autonomías, por períodos de tiempo más o menos largos, me hago esta pregunta, ¿Se puede uno honestamente poner en contra de la inmigración? Es evidente que, con mi historial personal, pensamiento político, conocedor de mis propias raíces y de las raíces de mis conciudadanos, mi respuesta es radicalmente un NO con mayúsculas, es más, afirmo rotundamente que un País que se encierra en si mismo, está condenado a su autodestrucción por diferentes vías, fundamentalmente la económica y la cultural. ¿Hay algo más enriquecedor que la convivencia y el compartir ideas, lenguas, religiones y diferentes formas de pensar?

o el alzheimer, y olvidarse de que somos, para bien o para mal, un País de emigrantes; ¿Nos hemos olvidado ya de los éxodos masivos de gallegos, extremeños, andaluces, castellano leoneses, asturianos, etc, a Sudamérica, Australia y Centro Europa, sin menospreciar la propia emigración interna, es decir gallegos, andaluces y extremeños, fundamentalmente emigrando a Catalunya y País Vasco. ¿Es que acaso lo hemos hecho por necesidad o por gusto?, pues bien, en aras a convivir en un mundo globalizado, cualquier ciudadano de cualquier País del Mundo, que en su propia zona no pueda disponer de recursos que le permitan facilitar a los suyos, un estado de bienestar mínimamente aceptable, vivienda, educación, alimentación, etc, creo está en su perfecto derecho, de buscar esos recursos allá en dónde y por medio de su esfuerzo, se los pueda proporcionar, ni más ni menos que lo que hemos hecho los miles y miles de emigrantes españoles.

18



Хурдонетто

Si nos remontamos a años ya felizmente pasados, probablemente diría con seguridad, que nadie en su sano juicio se plantearía la negativa a recibir mano de obra de la inmigración, aunque algunos preconizaban un No a la inmigración con posturas maximalistas; Recordemos a Sabino Arana, el supuesto padre y promotor de la Nación Vasca, eso si sólo de la patria del y para el PNV, su partido, o la patria tan particular que le gustaba a ese PNV, sólo para los vascos y con un RH definido; este tipo de actitudes, sólo se pueden identificar como xenófobas, racista, insolidaria y excluyente, en definitiva se ha adelantado un poco al camino seguido por el provocador de un conflicto bélico mundial, Adolf Hitler, que defendía ideas similares. Como se puede tener una memoria histórica tan corta o ya tan afectada por un mal común de esta sociedad supuestamente avanzada, como la demencia senil

Es lamentable, pero real, que en las sociedades avanzadas, o supuestamente más avanzadas, sea precisamente en dónde y con una actitud retrógrada, se planteen estas cuestiones; ¿Cuándo nos daremos cuenta de que la labor que realizan esos emigrantes, marroquíes, senegaleses, nigerianos, polacos, rumanos, lituanos, búlgaros, argentinos, peruanos, colombianos, etc., es imprescindible para el mantenimiento de nuestro estado de bienestar?, podríamos citar innumerables naciones origen de estos emigrantes hacia España y resto de la Unión Europea, esos emigrantes que según algunos vienen a robarnos nuestros puestos de trabajo y que sin embargo realizan los trabajos que los españolitos de a pie, hemos renunciado tiempo ha, que con su esfuerzo, estos mismos emigrantes están contribuyendo a un mayor bienestar de todos los españolitos, que nunca como en la actualidad hubo tantos trabajadores cotizando a la seguridad Social, eso si, de todos los españolitos, ¿Saben quién pagará nuestras pensiones? ¿Saben quien cuida y cuidará a nuestros mayores? ¿Saben quiénes están desarrollando los trabajos peor pagados y más penosos?






En unas pocas décadas, España ha pasado de ser un país que generaba emigración a ser un país receptor de inmigrantes; es a partir de 1973, con la crisis del petróleo, cuando la emigración de españoles al extranjero empezó a reducirse provocando el retorno de muchos de esos emigrantes españoles, hecho que ha sido forzado por el descenso del atractivo laboral de los países de acogida y otras, relacionadas con asuntos de pensión de vejez. El restablecimiento de la democracia coincidió con una fase de equilibrio en los saldos migratorios, hasta mediados de los años 1990. En la actualidad se piensa también que las nuevas generaciones de españoles nacidos en el extranjero regresan a España principalmente al trabajo-valor que les resulta más atractiva por el euro.

El dinamismo de la economía española, explica el fuerte crecimiento de la inmigración. Desde el año 2000, España ha presentado una de las mayores tasas de inmigración anual del mundo (de tres a cuatro veces mayor que la tasa media de Estados Unidos, y ocho veces más que la francesa. En la actualidad, sin embargo, su tasa de inmigración neta anual llega solo al 0,99%, ocupando el puesto número 15 dentro de la Unión Europea. Es además, el noveno país de la UE con mayor porcentaje de inmigrantes, por debajo de países como Luxemburgo, Irlanda, Austria o Alemania.

